

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (ausente)
Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos
Humanos
José M. Fernández Viña, Xefe Servizo de PAS
Margarita González Hernández, Xefa Sección
Emprego e Programas, secretaria.

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luís Pérez Gómez, (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CC.OO.)
Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

José Santiago Santos García (UXT) (ausente)
Xoan Cebro Rodríguez, (CIG) (ausente)
María Fariza Novoa (CC.OO.) (ausente)

Acta da reunión extraordinaria celebrada ás 13.30 horas do 29 de febreiro de 2012, na sala de xuntas nº 2 da Xerencia, coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Proposta de convocatoria de ampliación de lista de agarda na categoría de técnico especialista de bibliotecas.

1. PROPOSTA DE CONVOCATORIA DE AMPLIACIÓN DE LISTA DE AGARDA NA CATEGORÍA DE TÉCNICO ESPECIALISTA DE BIBLIOTECAS.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que respecto do borrador de convocatoria remitido para a reunión do 23 de febreiro, a dirección da Biblioteca Universitaria aceptou a proposta da Xerencia de propor un temario menos amplo que o inicial. En relación coa proporción entre a puntuación das fases de oposición e concurso, indica que se mantén a seguida nas convocatorias similares desde o ano 2009. No relativo á suxestión de que se estuden outro tipo de modalidade de contratos para as aperturas de fin de semana das bibliotecas, considera que non é este o momento de tratalo.

Luis Pérez solicita que as solicitudes de persoal para estes períodos sexan en función das necesidades reais, polo que reitera a petición de coñecer o número de usuarios neses períodos, manifestando o seu malestar e total desacordo con que se establezan os períodos e os horarios en función das opinións expresadas nas redes

sociais. Considera que o procedemento que se debería seguir sería o de plantear as necesidades aos Comités para estudar se é necesario ou non realizar a convocatoria.

O Vicexerente de Recursos Humanos afirma que neste foro se valoran as opinións da parte social e as do persoal do Servizo de PAS, ou das unidades administrativas directamente implicadas, e non se traen posturas herméticas senón que sempre se escoitan as suxestións da parte social. Estima que se podería analizar a normativa laboral e ver coa dirección da Biblioteca á suxestión de mellorar os contratos ofertados nas aperturas de fins de semana.

Manuel Marcos pregunta que se da análise do estudo deste tema coa dirección da Biblioteca resultase que é posible a mellora dos contratos, quizás sería mellor esperar a coñecer as conclusións.

Luis Pérez sinala que hai que anticipar con maior antelación as necesidades de listas de agarda para utilizar sempre o mesmo criterio, xa que doutro xeito estamos a facer sempre excepcións como no caso do CACTI ou ORI que ampliamos as listas cando temos a necesidade enriba da mesa. Conviría preguntándolle aos integrantes se están dispoñibles ou non.

José Fernández Viña maniféstase partidario de facer esta consulta pero advirte que a resposta seguramente variará en función do contrato que se lle oferte en concreto a cada aspirante.

Retomando a proposta de convocatoria, Luis Pérez manifesta que a CIG non está de acordo coa ampliación.

Ángel Torreiro por parte da UXT indica que non lle parece mal que se realice esta ampliación, pero que se faga tamén con todas aquelas categorías que se atopen nunha situación similar.

Manuel Marcos en representación de CCOO, sinala que está de acordo co texto da convocatoria e coincide con Ángel en que debe facerse extensivo a outras categorías.

O Vicexerente informa que a Xerencia vai a realizar a convocatoria de ampliación de lista de agarda para a categoría de Técnico Especialista de Bibliotecas.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:15 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.